XUNTA DE GALICIA
Cofinanciado pola Unión Europea
GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

06/11/2026

AVISO FITOSANITARIO. Intesidade de bugallas de *Dryocosmus kuriphilus* .



O programa de acción da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal (DXPOF), para a loita biolóxica contra o *Dryocosmus kuriphilus (avispiña do castiñeiro)*, conta con dúas liñas principais de actuación:

1. Soltas do parasito *Torymus sinensis*. Na primavera realízanse revisións do estado de brotación dos castiñeiros. Con estas revisións preténdese detectar o momento e os lugares nos que é preciso realizar as soltas do parasitoide *Torymus sinensis*.

As soltas débense realizar cando as bugallas aínda son de pequeno tamaño para que as femias de *Torymus sinensis* poidan depositar os ovos no interior das mesmas.

As soltas adoitan realizarse dende mediados do mes de marzo ata a primeira quincena de xuño.

2. Estudo do grao de parasitación. Esta comprobación realízase recollendo bugallas, tanto de xema como de folla, nas que se comproba a presenza do parasito inducindo a sua emerxencia a inicios da primavera.

As soltas masivas do parasitoide *Torymus sinensis* realizadas dende o ano 2015 pola DXPOF conseguiron que actualmente se atope naturalizado en toda Galicia. A estratexia actual de loita contra a avispiña do castiñeiro basease en combater os repuntes de *Dryocosmus kuriphilus*.

Os repuntes débense principalmente o desaxuste temporal entre a emerxencia dos *Torymus sinensis* e a brotación dos castiñeiros, pero tamén poden deberse a un baixo grado de parasitación das bugallas do ano anterior.

Dende o momento da brotación dos castiñeiros ata o mes de outubro realizáronse mostraxes de bugallas de *Dryocosmus kuriphilus* para coñecer a intensidade das mesmas.

